

PERANTE O XULGADO DECANO DE INSTRUCCIÓN DE VERÍN

BEGOÑA ALONSO SANTAMARINA, letrada, colexiada co número 1434 do ICA d'Ourense, no nome e representación da **Confederación Intersindical Galega**, tal e como consta no poder que se achega, perante o **XULGADO DECANO DE INSTRUCCIÓN DE VERÍN** comparezo e **DIGO**:

Que a meio do presente escrito, consonte co establecido no artigo 259 e seguintes da Lei de Axuizamento Criminal, veño formular **DENUNCIA** para que se instrúa investigación penal sobre os seguintes

FEITOS

PRIMEIRO.- Que nas obras de construción do AVE que decorren pola provincia d'Ourense se produciron, como mínimo, os seguintes accidentes de traballo, graves:

a) O 2 de abril do 2013 morre un enxeñeiro de 37 anos atropelado nun dos tuneis do AVE no Concello de Vilar de Barrio.

b) O 17 de xuño do 2014 morre un traballador de 42 anos ao caír dunha pá excavadora nas obras do AVE no treito da Gudiña a Vilariño de Conso.

c) O 5 de agosto do 2014 un incendio no tunel do Corno (no Concello de Vilar de Barrio), producido ao pe dun depósito de detonadores de explosivos, provoca a intoxicación e evacuación de 13 traballadores/as.

d) O 7 de xullo do 2015 a CIG denuncia perante a ITSS de Ourense e a Subdelegación do Goberno en Ourense a realización de xornadas maratonianas por parte dos traballadores/as das obras do AVE, como causa da produción dos accidentes de traballo.

e) O 15 de setembro do 2015 un traballador de 31 anos morre e outro fica ferido grave ao caer dende un canastro de traballo, nas obras do AVE do treito Prado Cerdedelo.

f) O 23 de marzo do 2016 un operario olla amputada a súa mau nas obras do tunel do AVE no treito de Cerdedelo, séndolle reimplantada no Hospital Povisa de Vigo.

g) O 6 de novembro do 2017 un operario de 35 anos morre no interior do tunel do Corno en Laza

h) O 30 de novembro do 2017 un condutor de tractor é ferido grave nas obras do AVE en Laza

i) O 19 de decembro do 2017 6 obreiros son evacuados dun incendio das obras do tunel do AVE en Laza.

SEGUNDO.- Que a Confederación Intersindical Galega, concretamente a Unión Local de Verín e A Limia da CIG, ten formulado múltiples denuncias administrativas, tanto perante a Inspección de Traballo e Seguranza Social d'Ourense, como perante a

Subdelegación do Goberno en Ourense, sen obter mais resultados que promesas de analizar a sinistralidade na zona e, mesmo, declaracións de incompetencia, por parte da ITSS, para poder acceder aos tuneis do AVE.

TERCEIRO.- Que nas obras do camiño de ferro de alta velocidade que están a executarse nos treitos que decorren os concellos da Gudiña a Vilar de Barrio, a concentración de accidentes de traballo, mesmo mortais, é de tal magnitude que revela, no só un deficiente funcionamento dos servizos públicos, senón un desleixo absoluto, tanto no cumprimento das normas de seguridade laboral e dereitos dos traballadores/as, por parte das empresas adxudicatarias das obras e das Administracións Públicas concedentes, como na responsabilidade "in vigilando" da esixencia dese cumprimento, por parte dos órganos gobernamentais de Inspección e seguridade no traballo da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galiza e do Ministerio de Emprego.

Que, a tais feitos son de aplicación os seguintes

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

A Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal dispón, literalmente:

Artigo 316

Os que con infracción das normas de prevención de riscos laborais e estando legalmente obrigados, non faciliten os medios necesarios para que os traballadores desempeñen a súa actividade coas medidas de seguridade e hixiene adecuadas, de forma que poñan así en perigo grave a súa vida, saúde ou integridade física, serán castigados coas penas de prisión de seis meses a tres anos e multa de seis a doce meses.

Artigo 317

Cando o delito a que se refire o artigo anterior cométase por imprudencia grave, será castigado coa pena inferior en grado.

Artigo 318

Cando os feitos previstos nos artigos deste título atribuínsen a persoas xurídicas, imponse a pena sinalada aos administradores ou encargados do servizo que sexan responsables dos mesmos e a quen, coñecéndoo e podendo remedialo, non adoptasen medidas para iso. Nestes supostos a autoridade xudicial poderá decretar, ademais, algunha ou algunhas das medidas previstas no artigo 129 deste Código.

Artigo 404

Á autoridade ou funcionario público que, a propósito da súa inxustiza, ditar unha resolución arbitraria nun asunto administrativo castigaráselle coa pena de inhabilitación especial para emprego ou cargo público e para o exercicio do dereito de sufraxio pasivo por tempo de nove a quince anos.

Polo exposto,

SOLICITO:

Que, presentada esta denuncia, coa súa copia e documentos que se achegan, proceda a incoar as dilixencias penais de instrución e investigación oportunas, acordando o necesario para a pescuda dos feitos denunciados e a determinación dos responsábeis da súa comisión, por considerar, a miña mandante, que tais accións poderían estar incursas nos tipos delitivos trasncritos, contra os dereitos dos traballadores/as e prevaricación administrativa.

OUTROSÍ DIGO 1º:

Que interesa ao dereito desta denunciante comparecer no procedimento que se incoe con representación procesual e defensa e constituírnos en parte na causa, para o que se solicita ofrecimento expreso de accións.

OUTROSÍ DIGO 2º:

Que, se sinala como enderezo a efectos de notificacións na sede da CIG, na vila de Verín, Casa Sindical, Rúa Doutor Pedro González nº 5-1º andar (32600) Verín.

OUTROSÍ DIGO 3º:

Que, xunto con esta denuncia achego os seguintes documentos:

- a) Copia de poder xeral para preitos de quen comparece.
- b) Copia de poder do representante legal da Confederación Intersindical Galega.
- c) Copia de denuncias á ITSS formuladas pola CIG
- d) Copia de resposta dada pola ITSS

En Verín, a 20 de decembro do 2017